

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

CUALIFICACIÓN DA MATERIA:

- A nota final será a media das tres avaliacións parciais.
- A nota de cada avaliación parcial será a media resultante da corrección das actividades realizadas, tanto no seu resultado final como no proceso de realización.

PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Para a promoción na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, o alumnado deberá acadar a final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 en cada unha das tres avaliacións parciais.

O alumnado que non superara unha avaliación parcial poderán recuperala mediante a realización e presentación, nas datas posteriores establecidas, das **actividades de reforzo** correspondentes.

A recuperación para o alumnado que non acadou unha cualificación igual ou superior a 5 nalgunha das tres avaliacións parciais, pola **insuficiencia ou non presentación no seu momento das actividades de reforzo correspondentes** realizarase a final de curso e consistirá en:

- Actividades de reforzo das avaliacións parciais non superadas consistentes en: cadernos de actividades, traballos de investigación e/ou programas de recuperación en liña. O alumnado deberá realizar e ter entregadas as tarefas na data prevista. A ponderación a aplicar será do 50% da cualificación final.
- Probas prácticas e/ou escritas: servirán para medir as aprendizaxes adquiridas. A ponderación a aplicar será do 50% da cualificación final.

A cualificación das avaliacións parciais será a media dos resultados de ambas partes, sendo necesario acadar unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes.

A cualificación final será a media das tres avaliacións parciais, sendo necesario acadar unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes.

NOTA: o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final adicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Para o alumnado que promocióne de curso con avaliación negativa na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, establecerase un plan de reforzo, seguimento, recuperación e avaliación da materia ao longo do curso seguinte.